



Emprego - Rede Xiana 2

***Convocatoria do proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral de distintas familias profesionais (DOG núm. 94 do 20/5/2013):**

Atención sociosanitaria a persoas no domicilio, atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, cociña e gastronomía, xestión administrativa, Xardinaría Floraría e outras moitas

Prazo: Ata o 12 de xuño de 2013.

Para calquera consulta no Concello de Boimorto a través da técnico emprego en horario de 9:00 a 14:30.

Servizos Sociais

*** Alimentos Cruz Vermella.**

Todos aqueles que sexan receptores do reparto de alimentos teñen que anexar de novo os ingresos económicos relativos ó 2013. Todas aquelas persoas susceptibles de ser beneficiarios e que non a teñan feita xa poden facer a súa solicitude nos Servizos Sociais do Concello de Boimorto. Terán que traer o DNI de tódolos membros da unidade familiar e os ingresos existentes na unidade familiar durante o ano 2013.

Cultura

*** Traballo no Festival de la Luz.**

Está aberto o prazo para anotarse e ser voluntarios para os traballos no Festival de la Luz 2013, os días 14 e 15 de setembro; pagaranse dietas. Animamos a todos os veciños/as tanto a desempregados como a persoas que

estean traballando a que poden vir e participar. Para maiores de 16 anos.

Realizarase un curso de formación de 20 horas, con acreditación oficial, de membros de Protección Civil, aquí en Boimorto, pero solo poderán asistir as persoas maiores de 18 anos e que estean empadroadas no Concello.

*** Voluntariado Xuvenil no Concello.**

Aberto o prazo para anotarse no Voluntariado Xuvenil do Concello, para mozos/as de 18 a 30 anos, para realizar actividades de voluntariado desde este mes ata o mes de outubro de 2013 durante un máximo de 60 días. Será subvencionado a manutención, transporte e seguros.

*** Excursión Bom Xesús.**

Todos/as participantes da excursión ao Bom Xesús (Portugal) poden pasar polo Centro de Maiores a recoller unha foto de recordo da mesma.

*** EXCURSIÓN Á FEIRA VERDE DE SILLEDA E A NOSA SEÑORA DO CORPIÑO.**

Xoves 13 de xuño. Pola mañá marcharemos do centro de maiores, sobre as 10:15, cara a Silleda. Alí poderemos visitar as instalacións da feira e comer. Despois do xantar iremos á Nosa Señora do Corpiño para asistir á misa ás 18 horas. Os xoves despois da misa no Santuario: **exposición e adoración do santísimo** para todos aqueles que queiran ir.

O prezo da excursión está pendente dunhas últimas xestións, polo que proximamente poderase consultar no Concello ou no Centro de Maiores.

Data límite para apuntarse **venres 7** de xuño e poderán facelo na casa do concello (981 516 020), ou ben, no centro de maiores (981 516 520).

IMPORTANTE o bus pasará 15 minutos antes a facer a recollida. Non haberá servizo ó mediodía.

***English Surf Camp Boimorto-Arzúa.** Campamento en Carnota para mozos/as entre 12 e 16 anos baseado nos deportes náuticos e na fala da lingua inglesa dun xeito lúdico e divertido.

Do 4 o 11 de agosto. Prezo 250€ (inclúe: desprazamentos, actividades, pensión completa, excursións...) con monitores titulados pola Xunta de Galicia.

Actividades náuticas (bodyboard, surf, esnorquel...) Actividades de tempo de lecer (sendeirismo, xogos en valor, bioespazo...) O prazo para inscribirse remata o 12 de xuño nas oficinas do Concello.

Deportes

***CARNET SOCIO: A QUE ESPERAS!!** Lembrámosvos que xa está en marcha a campaña de **actividades de verán**, da cal nos próximos días vos **enviaremos o folleto**, á que vos podedes anticipar solicitando na Casa do Concello o **carne de socio** que dá acceso á **piscina, ximnasio, acceso gratuíto a wi-fi**, no local da antiga cámara agraria, e a calquera das **actividades deportivas** que se organicen. Anticípate ó verán!!

Carné individual	10 € anuais
Carné familiar	20€ anuais

***BÁDMINTON; CAMPIONATO PROVINCIAL:** o pasado sábado 25 de maio disputouse no Club do Mar de San

Amaro, da Coruña, o campionato provincial de bádminton, ó cal tiñan acceso os 4 primeiros clasificados do pasado torneo intercomarcal, e dos cales as escolas municipais de Boimorto competiron cun total de 4 nenos: categoría benxamín feminino (2), benxamín masculino (1) e alevín feminino (1); acadando os seguintes resultados: chegando todos eles a 1/4 final.

***APERTURA PISCINA MUNICIPAL:** o vindeiro **15 de xuño** terá lugar a apertura da piscina municipal. O horario da mesma será de **luns a domingo de 12:00 a 20:00.**

***ADIANTO DAS ACTIVIDADES MUNICIPAIS DE VERÁN 2013:** aquí vos amosamos un pequeno adianto da oferta de actividades deportivas e culturais que se van a levar a cabo durante este verán. Nos vindeiros días recibiredes o folleto íntegro e explicativo das mesmas:

***Actividades infantís:** cursos de natación, campamento de verán (todo o mes de xullo, con servizo de **autobús** para recollida e deixada dos nenos) fútbol 7, saídas ó aquapark.

***Actividades xuvenís:** campamentos + 14 anos (2 días e 1 noite no albergue), ruta BTT, máis algunhas das actividades propostas pos adultos.

***Actividades adultos:** cursos de natación, aquagym, ximnasia de mantemento adultos, ximnasia de mantemento maiores, ximnasia no centro de maiores, baile, ximnasia postural, actividades de raqueta (bádminton e tenis), sendeirismo, saídas á praia.